

ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍENTE



www.polabase.org

MOVIMIENTO
POLA BASE



DOCUMENTOS
APROBADOS


ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍENTE



www.polabase.org

MOVEMENTO
POLA BASE

- 5 **Introdución: Caracterización da situación actual**
- 11 **Principios e obxectivos básicos**
- 15 **Acción política. A construción como camiño.**
- 31 **Modelo organizativo.**
- 39 **Estatutos**





INTRODUCCIÓN
CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

Podemos afirmar que o Estado español se caracterizou historicamente pola brutalidade e a violencia coa que, ao longo dos séculos, as monarquías dos Austrias e dos Borbóns, ao servizo das clases dominantes castelás, e dunha grande burguesía centralista unida aos grandes terratenentes españois, á igrexa católica e a unha caste militar xenocida, impuxeron políticas de negación da realidade multinacional e pluriétnica do Estado, de asimilación lingüística forzada ao castelán, de homoxeneización cultural con mitos identitarios falaces e reaccionarios, como denunciou teimosamente o galeguismo desde a Revolución de 1846. A opresión de Galiza non se manifesta só no eido cultural e identitario senón tamén na economía, onde o noso país ten todas as características dunha colonia. Este proceso expansionista, imperialista, mantense no esencial no Estado das Autonomías, que mesmo aumentou a concentración e a centralización do poder real, para alén da descentralización administrativa, co que o fixo máis impermeábel á mobilización social e á cuestión nacional.

Quen máis sofren a colonización da nosa nación son as clases populares e elas foron e son as que realizan as maiores resistencias e loitas. Todo o século XIX e XX está inzado de mobilizacións e motíns labregos, manifestacións e paros obreiros, que poucas veces callaron en organizacións que representasen os intereses sociais e nacionais destes sectores populares. Sobre este fermento social asentouse o rexurdimento cultural e político nacional de Galiza, que foi expresado por unha morea de egrexios escritores, poetas e políticos; sen estes dous factores non se pode entender a historia do noso país no último século e medio.

Durante décadas o papel funcional do noso país foi o de fornecedor de materias primas, enerxía, divisas e man de obra barata ao Estado español, mentres se recibía en troca menos investimentos en infraestruturas e servizos públicos, co que se recreou a emigración e se freou o desenvolvemento. Na actualidade, aínda manténdose estas características, temos que sumar a de moeda de troco diante da Unión Europea, coa limitación da produción de sectores básicos (gandeiro, naval, etc.) e o maior control por empresas foráneas da nosa economía; así, somos criadores de emprego neto no resto do Estado ao termos un déficit comercial estrutural.

Porén, nos últimos trinta anos a realidade económica e social do noso país mudou moito. Pasamos de ter unha economía baseada no sector agrario, pesqueiro, extractor de materias primas e actividades industriais moi básicas, a termos unha economía cada vez máis dependente, baseada en industrias de primeira transformación e de enclave, e cunha grande expansión do sector de servizos e a construción. Así, aumentou a estratificación social e o desemprego adquiriu un carácter estrutural, que só se controla por mor da masiva emigración da mocidade, tanto por medio do cambio de residencia como de xeito temporal, e a extrema queda da natalidade. Hoxe os asalariados constitúen o 75% da poboación activa, co cal conforman unha ampla

maioría social, máis tamén medrou a temporalidade, diminuíron os salarios reais medios, e aumentou a xornada e os ritmos de traballo. Todos estes procesos déronse coa oposición dos afectados, que tiveron no sindicalismo nacionalista o seu principal valedor, fronte á actuación das organizacións sindicais estatais, forzas entregadas ao capital e españolizadoras.

Os resultados negativos da dependencia son evidentes na perda de peso de Galiza na participación da economía e en poboación no Estado español, dentro dunha tendencia que todos os estudos achan que non se vai modificar no futuro próximo co marco político e económico imperante.

Sen dúbida, de contarmos con gobernos autonómicos dirixidos exclusivamente por partidos de ámbito galego -que polo tanto farían de Galiza o suxeito de referencia- a situación mudaría, mais nunca radicalmente e de xeito definitivo no entanto se mantiveren os alicerces da dependencia e da inxustiza social, cuxa eliminación debe ser un permanente obxectivo na nosa praxe política.

Hoxe o Estado español ten grandes intereses económicos en moitos países do mundo, especialmente na América Latina, deles a alta burguesía obtén moitos beneficios, daquela que sexa valedora (para alén das palabras para o consumo mediático) das medidas neoliberais que dan azos á globalización. Agora ben, trátase dun estado imperialista asociado e ao mesmo tempo subordinado ás grandes potencias da Unión Europea(UE). A UE é un marco asociativo imperialista no que as grandes e medianas potencias europeas se tentan arroupar (non sen pelexas polo espazo a ocupar por cada unha) para competiren e pelexaren pola hexemonía cos Estados Unidos, Xapón e as novas potencias emerxentes, tal que a China. A UE, como Xapón, mantén ao mesmo tempo unha actitude de submisión verbo dos Estados Unidos, que é o imperialismo hexemónico neste intre, e segue no fundamental o seu modelo económico e social.

A redución da hexemonía norteamericana é sen dúbida positiva, xa que aumenta as diverxencias inter-imperialistas. Porén non debemos ignorar que a construción de novas hexemonías imperialistas faise tamén a partir dunha gran concentración dos recursos económicos e do aumento das desigualdades, tanto no ámbito social como territorial, da destrución do ecosistema a todos os niveis, así como basicamente da colonización e da neocolonización dos países e territorios periféricos e dependentes; ou sexa: sobre alicerces de explotación e opresión.

As alternativas de mudanza no eido internacional céntranse hoxe especialmente na América Latina, con todas as feblezas do que nace en situación de grande dificultade. Venezuela pode abrir un novo camiño á democracia e ao socialismo. Cuba axudou enormemente este proceso, e a este eixo fóronse lle engadindo países como Bolivia, Nicaragua e Ecuador, aínda con procesos menos avanzados polo que cómpre agardar a ver o que dan de si. Os pun-

tos débiles do imperialismo, e polo tanto do sistema imperante, están tanto neste continente como no Medio Oriente e Asia Central. Concretamente en Palestina, Iraq, Afganistán, nos que se está a librar unha guerra de liberación nacional que pode gastar en gran medida non só os Estados Unidos senón mesmo a Unión Europea que a cada vez esta máis atrapada na lóxica militar.

O contexto internacional é hoxe moito máis positivo que hai unha década, aínda que o novo escenario da Unión Europea significa un fortalecemento das políticas neoliberais e expansionistas dos estados imperialistas, entre eles o español, e polo tanto sitúa a loita de liberación nacional e social de Galiza fronte a novas dificultades. O recuar ideolóxico das forzas históricas da esquerda en Europa, e a perda de peso do socialismo na clase obreira e na mocidade, é un exemplo destes atrancos. Non semella xa que logo que sexa posíbel facer da Unión Europea un espazo de pobos ceibes e de xustiza social, mesmo mudando a correlación de forzas nas institucións, sen fundas mudanzas sociais e políticas, sen unha construción da unidade baseada na xustiza social, a soberanía dos pobos, e a solidariedade internacional. Con vén lembrar, asemade, que se trata dunha unión de estados que lles nega calquera recoñecemento funcional ás nacións sen estado. Por esta razón mantemos unha oposición radical á Unión Europea, que naceu como un novo proxecto imperialista asociado aos Estados Unidos, e polo de agora submisivo no esencial por máis que houber diverxencias internas en como afrontar esta relación.

Por último, queremos chamar a atención a respecto de que o que acontece no campo da economía e nas relacións sociais e entre territorios –quer dicir, da infraestrutura- se sustenta na hexemonía que as clases dominantes manteñen tamén no eido da superestrutura (cultura, historia, lingua, información e formación, etc.). De aí que sexa esencial e básico realizar un gran esforzo non só mobilizador e organizativo das clases subordinadas, senón aliás de divulgación das alternativas estratéxicas e de clarificación e debate coas concepcións trabucadas que existen no seo das clases populares.



PRINCIPIOS E OBXECTIVOS BÁSICOS

-A nosa é unha organización da Clase Traballadora que asume como principios e obxectivos os intereses estratéxicos da Clase Operaria Galega.

-A nosa organización non se conforma con criticar e reformar o capitalismo senón que defende a superación do sistema que está na base mesma da opresión e da inxustiza, isto é, a defensa do socialismo como alternativa, do antiimperialismo e da solidariedade internacional.

-Loitamos pola plena soberanía nacional de Galiza, cunha posición independentista, que se ha acadar a través da acción política, de conquistar o dereito de autodeterminación e da construción do poder popular.

-A liberación nacional está ligada á loita de clases. Superada a época histórica das revolucións burguesas, correspóndelles ás clases populares pórse á cabeza das loitas democráticas e republicanas.

-Loitamos contra todos os sistemas de dominación, traballaremos contra unha división xerarquizada e de xénero da sociedade. Defenderemos un modelo de sociedade igualitaria, sen discriminación de xénero nin por identidade ou opción sexual.

-Defendemos as coordenadas históricas do nacionalismo asembleario, popular e participativo, que pule porque as clases populares teñan o protagonismo que lles corresponde.

-A utilización como ferramenta do marxismo, para alén das contribucións que se fixeron ou poidan realizar, entre as que temos que salientar o leninismo, para a conformación dunha ideoloxía superadora da explotación dunhas persoas por outras. Recollemos como esencial, para o seu estudo e divulgación, a experiencia da loita secular do movemento social en Galiza a prol da defensa da nosa identidade nacional e pola liberación; así como noutros países as loitas da clase operaria, das organizacións populares en xeral, e dos movementos de liberación nacional.

-Entendemos o laicismo como un valor irrenunciábel parello ao noso modelo de artellamento social.

-Consideramos a defensa do Medio, o respeito pola natureza e polo patrimonio un eixo fundamental a desenvolver en todos os aspectos da nosa práctica política.



**ACCIÓN POLÍTICA
A CONSTRUCCIÓN COMO CAMIÑO**

Galiza ten urxencias evidentes sobre as que aximos diariamente: españolización cultural e lingüística, precariedade, especulación urbanística, agresións ambientais, desaparición de sectores produtivos,... Do noso punto de vista todas esas loitas teñen que facer parte dun proxecto estratéxico que chamamos traballo de construción, nacional e social, onde cada día avanzamos cara a ese obxectivo que imos construíndo.

Ten de ser un proceso de construción dinámica que gañe terreo constantemente. O obxectivo é a construción de poder (contrapoder) participativo e desde a base como garante de pasos firmes e irreversíbeis e tamén como vacina á política acomodaticia. O traballo social diario e constante, nos movementos sociais e na fronte política ou no asociacionismo de base ten que conxugar a consecución de pequenos acados coa procura de maiores obxectivos, para non caer nun “curtopracismo” que impida ver máis alá. Aquí é onde a loita ideolóxica xoga un papel fundamental para non perdermos a perspectiva. Existe o risco de buscarmos falsos atallos ao caermos no xogo do sistema ou confundir maior peso institucional coa consecución automática de obxectivos estratéxicos, aínda que a experiencia acumulada demostre o contrario.

Ningún pequeno avance sería unha conquista se en nada contribúe a unha maior consciencia colectiva da necesidade dunha transformación de fondo. Cómpre traballarmos para aumentar o nivel de consciencia do noso pobo e favorecermos a participación social como maneira de crear, desde xa, un novo tipo de sociedade. Ensaiano esa nova sociedade e pondo en práctica aquilo que propomos naqueles espazos de liberdade dos que vaiamos dispoñendo.

Face á política de ocultar o conflito nacional e de clase existente en Galiza, que supón a equiparación do nacionalismo galego a calquera forza convencional actuante no país e polo tanto a nosa asimilación, o noso axir político ha de ser tendente a pormos á vista as contradicións existentes entre dous proxectos antagónicos como son os de España e a Unión Europea e o da Galiza. Cómpre visibilizar un proxecto de ruptura democrática e denuncia da ilexitimidade do marco actual (régime monárquico español, unión europea do capital, ...) e das súas institucións.

Constátase un progresivo recorte de dereitos e liberdades e unha maior impunidad dos corpos armados e do seu papel represivo; así, malia que cada vez contan con máis presenza na nosa sociedade, esta é sistematicamente enmascarada como humanitaria ou asistencial; ocupan un papel coercitivo evidente tanto dos dereitos individuais como colectivos das nacións sen soberanía e das loitas sociais.

Máis de 25 anos de autonomía provocaron a maior perda de falantes rexistrada na historia e revestida dunha normalidade social, institucional e mesmo democrática. No noso país acelerouse o proceso de substitución do galego

polo español ao mesmo tempo que se estigmatizan as variantes propias do idioma –un fenómeno causado pola colonización–, prestixiando como galego aquelas falas máis aproximadas ao español. Temos que denunciar a ficción do bilingüismo harmónico e a normalización deste concepto ideolóxico na nosa sociedade, cunhas consecuencias que están á vista. O obxectivo dunha organización nacionalista non pode ser outro que o do monolingüismo social e o galego como única lingua oficial, dentro do recoñecemento da unidade lingüística co portugués e a valoración desta alternativa de futuro para o noso idioma. O cuestionamento do actual sistema vai acompañado da defensa da lingua, e esta non se pode cingir só a conquistas legais que chegan serodia e raquiticamente.

Para nós é tamén unha prioridade a loita pola igualdade real entre homes e mulleres, no camiño da superación da sociedade patriarcal que tan rendíbel é para o capitalismo (por exemplo, co encubrimento do traballo doméstico ou os coidados, que nin sequera son considerados como traballo digno de ser remunerado a pesar de ser imprescindíbeis para a vida). Cómpre posicionármolos en contra da institucionalización da loita feminista polo sistema actual.

A nosa acción política parte tamén dunha práctica ecoloxista de carácter transformador, única alternativa sustentábel para a humanidade e para a natureza. Neste sentido, prestamos unha atención prioritaria á defensa da terra ante todas as agresións que sofre, e fronte as cales a mobilización da sociedade galega ten un papel central. Nomeadamente, denunciámos a especulación como inimiga directa da nosa soberanía nacional e socialmente inxusta.

Tampouco podemos esquecer o traballo pola integración e pola implicación da inmigración no tecido social galego. Cómpre incorporarmos a inmigración á loita política pola soberanía nacional de Galiza, desde a solidariedade de clase coas traballadoras e traballadores doutros países que chegan ao noso país, desde o respecto ao resto de culturas alleas e desde a necesidade de recoller e valorizar outras achegas políticas.

Eivas do traballo institucional

O traballo estritamente político, e concretamente o eleitoral-institucional, é só unha parte da actividade política. Debemos rachar coa irreal separación entre o político e o social. É claro que unha solución satisfactoria ao conflito histórico do noso país co estado español non virá dunha vía institucional nas coordenadas actuais.

O nacionalismo é un movemento transformador e calquera movemento digno de tal condición non pode permitir unha sociedade desmobilizada. A loita institucional, coa importancia obxectiva que ten e que non se lle nega, non é de seu un factor de tensión e mobilización social. Mesmo se converte

habitualmente nun factor desmobilizador e de freo a loitas populares en función de intereses de partido. É na interrelación coa acción social e cos conflitos populares -amais de contribuir á mellora das condicións de vida- onde a loita institucional ten sentido para un movemento transformador. A participación fronte á elitización son chaves nun traballo eleitoral e institucional que avance nos obxectivos estratéxicos.

Cómpre reforzarmos un traballo a longo prazo de aumento da consciencia nacional e de clase e de avultamento da base social favorábel á transformación política. Isto virá principalmente da cantidade de pequenas fronteas que o movemento popular sexa quen de abrir na nosa sociedade. E aí é onde o poder institucional debería estar á altura das circunstancias.

Defendemos que na política institucional os e as nacionalistas temos de ter alternativas propias e perder o medo a parecer diferentes ao PP ou o PSOE, tamén nas formas, rexeitarmos os vergoñentos privilexios e a excesiva consideración social dos políticos. O nacionalismo é un movemento transformador e non hai que ter medo a parecelo. O contrario crea confusión e desilusión nas ringleiras propias e na base social máis consciente. Boa parte, por non dicir que a maior parte, do prestixio social que acadou o nacionalismo, o que se traduciu en apoio electoral vén do traballo social e coherente de anos.

A nosa acción debe de ser desacomplexada fronte ao conservadorismo que se impón na política convencional. Tal como nos eduquemos como pobo así seremos capaces de avanzar. Face á política do marketing, debemos defender a política das ideas. Actualmente, emprégase a mercadotecnia para igualar e equiparar ao nacionalismo ao resto de forzas políticas aínda que ben se podería facer o contrario. Pór a imaxe ao servizo das ideas e non á inversa.

A acción política, en contra do que se instalou como práctica viciada no seo do nacionalismo actual, non se circunscribe á vida interna dunha organización política nin á súa actuación institucional, onde se perpetúan os cargos institucionais e orgánicos. Temos neste sentido que combater o afán de figurar derivado desta concepción. A nosa posición é de oposición frontal á política piramidal e gregaria.

O traballo nos movementos sociais

Percibimos claramente que na Galiza existe un baleiro na auto-organización da sociedade, cunha excepción no sindicalismo. Nesta orde de cousas, queda un grande campo de traballo para reforzar un movemento asociativo nacionalista e emancipador con implantación nacional e social en aspectos tan importantes como o veciñal, cultural, cooperativo, ecoloxista, deportivo, etc. De non contarmos con base social auto-organizada, non existirá nunca un movemento nacional de liberación; podemos dicir que a situación actual

é o reflexo da participación dunha minoría elitista que pretende “salvar o pobo sen o pobo”.

Entendemos que temos aquí o noso principal campo de traballo, a partir dunha participación non sectaria. O obxectivo, aínda rompendo cos vellos paradigmas, non é unicamente que máis compañeiros e compañeiras se incorporen á nosa organización ou que asuman como seus os nosos presupostos, mais o propio desenvolvemento dun tecido social forte e de facer aflorar as evidentes contradicións entre Galiza e o Estado que nos nega, así como a denuncia e a superación deste sistema inxusto e antidemocrático.

Dentro deste proceso, recoñecemos como parte do movemento popular galego a todas aquelas organizacións, asociacións, iniciativas e proxectos que traballan desde a auto-organización e o carácter popular na defensa de obxectivos concretos. O traballo social ten que servir aliás para contrastarmos e completar a nosa proposta política.

O Movemento Pola Base entende como o eixo da súa actuación política a auto-organización do pobo galego no camiño da súa liberación nacional e social. Esta auto-organización ten, xa que logo, que se facer efectiva no reartellamento dun movemento popular galego en todos os sectores onde for preciso que as clases populares se unan na defensa dos seus intereses.

Fomos testemuñas nestes últimos anos da deriva do nacionalismo político cara a un único referente e polo de importancia ao cal se supedita o resto, a representación política e institucional. Esta deriva, para alén de se amosar totalmente ineficaz á hora de acadar unha mudanza real do marco político, xurídico e económico no cal vivimos, provocou a supeditación do resto das organizacións sociais á consecución deste obxectivo, co afogo e a aniquilación de moitas delas, aínda que sempre con evidentes excepcións.

O resultado desta situación non é outro que unha certa presenza nas institucións (municipais, provinciais e autonómicas), nas cales se efectiviza unha xestión netamente continuísta de modelos anteriores e garantista a todos os efectos do sistema neoliberal actual, e un notábel deterioro do Movemento Popular, cunha considerábel perda de militantes nacionalistas, e con sectores de traballo tan importantes como o veciñal, cultural, de normalización lingüística, xuvenil, ecoloxista, etc., sen referentes de carácter nacional e convertidos en moitos dos casos en ermos nos que se carece de capacidade de actuación real a nivel galego, e en todo caso moi inferiores aos existentes hai dúas décadas, agás o sindicalismo operario.

O MPB entende que sen o construción deste Movemento Popular Galego non existiría nin a máis mínima posibilidade de que Galiza camiñe cara a súa liberación nacional e social. Deste xeito, actuaremos como organización directamente no artellamento do Movemento Popular nos seus diferentes sectores (veciñal, cultural, xuvenil, cooperativo, centros sociais, etc.), sen que

estes se supediten en ningunha circunstancia ao traballo máis eleitoral e institucional que tamén se ten que realizar.

Avaliación xeral da situación no BNG

O MPB participa do BNG e polo tanto recoñéceo como a única organización política na cal traballar desde unha perspectiva estritamente política, eleitoral e institucional. O traballo fundamental a realizar no BNG ten que ser combater o devalar que o quere homologar a calquera outra forza política do sistema e a renunciar aos seus principios transformadores e de superación do actual marco político-xurídico. Estamos certos de que estas teses, aínda a día de hoxe, son compartidas por bastantes militantes do BNG que nin acreditan nin comparten a liña ideolóxica nova imposta nestes últimos anos.

Así e todo, cómpre analisarmos o descontento e a desconfianza que o devir actual do BNG xerou en moitos sectores activos das clases populares, os cales non se poden desprezar na construción e no artellamento do movemento popular galego, e que partillan moitas das nosas coordenadas ideolóxicas e de actuación. O MPB, na súa liña de priorización de construción dunha Galiza auto-organizada, non supedita a pertenza e a participación na nosa organización á afiliación ao BNG, entendendo que o traballo nos movementos populares sen vinculación orgánica individual ao BNG por parte de compañeiros e compañeiras que non queiran dar ese paso por desconfianza ao que o BNG representa en moitos aspectos a día de hoxe, pode contribuír en boa medida ao noso medre organizativo, e achegar un traballo que non se pode desprezar pola súa importancia na auto-organización social galega.

No documento *“Facermos do BNG o instrumento para a autodeterminación nacional e a emancipación social”* presentabamos unha análise das causas que nos levaban a conformármonos como colectivo dentro do BNG visto o devalar político-ideolóxico e organizativa da fronte.

Esa análise segue a ter plena vixencia xa que, lonxe de se produciren avances que desen corrixido a situación aí constatada, tanto as teses aprobadas na XII Asemblea Nacional como os últimos acontecementos políticos, contribuíron a agudizar aínda máis esa deriva.

Actuación do MpB dentro do BNG

A evolución política e organizativa do BNG dificulta que un proxecto como o que representamos se poida desenvolver en condicións de normalidade, como demostran feitos tan emblemáticos como a convocatoria de asembleas nacionais por delegados, o papel decorativo das asembleas ou a ausencia de debate político. Con todo, debemos definir cales son os obxectivos inmediatos do noso percorrido dentro da fronte, e nomeadamente a nosa relación e

interacción co conxunto das bases do BNG, que ten que ser a nosa prioridade.

Certamente, cando iniciamos os traballos de conformación dun grupo crítico de militantes nacionalistas dentro do BNG, tiñamos como premisa non só a crítica necesaria e oportuna do rumbo actual da dirección política, senón a vontade de colaborar na súa rectificación e mudanza; aínda con esta vontade intacta, temos que partir da realidade e da asunción da auténtica correlación de forzas neste momento; tamén é prioritario que poñamos en destaque as contradicións entre a ideoloxía de fondo –en teoría aínda non abandonada- e a práctica exercida pola dirección da fronte.

Entre outras ideas xa elaboradas, suxeríamos acentuar o discurso soberanista e transformador do BNG en troca da obsesión pola mercadotecnia e a linguaxe política retórica e baleira, recuperar a capacidade de debate e decisión das asembleas, a fiscalización permanente da tarefa de goberno por parte dos órganos de dirección e, na medida do posíbel, polo conxunto da militancia, un novo modelo de relación entre o BNG e os movementos sociais ou un reformulamento das relacións internacionais que superase o formato, limitado na forma e no fondo, da alianza Galeuscat.

Agora é o momento de definirmos con máis precisión as alternativas que queremos formular a curto prazo, nos distintos niveis da organización, o modo de transmitilas e debatelas, mais tamén a partir da realidade, sen que as dificultades existentes as convertan nunha frustración. En todo caso as alternativas teñen que servir tamén para nuclear a base militante de arredor da nosa proposta transformadora e alternativa.

O funcionamento dos organismos do BNG está marcado polos verticalismos e os personalismos, e pola ausencia, agora xa non disimulada do debate. As decisións importantes tómanse sempre desde arriba a abaixo, e reléganse as asembleas, ou mesmo o propio Consello Nacional a un papel de ratificación de acordos xa tomados, polo xeral sen ningún debate previo. Desta maneira é a Executiva a que marca o rumbo da organización (excedendo as funcións que o seu propio nome indica), e non o Consello Nacional e moito menos as Asembleas. O Consello Nacional do BNG ratificou as máis pesimistas das nosas análises: cun funcionamento máis propio dunha xunta de accionistas que do organismo de dirección dunha fronte política, limitábase a ratificar as decisións previas da Executiva, e case non se debate xa da política, nin de liñas xerais, especialmente no marco dun plan estratéxico emancipador. A liña de actuación no goberno tampouco é discutida dentro do Consello Nacional do BNG.

No entanto, nas asembleas o debate político fica relegado a un papel marginal, cando non se substitúe pola simple información das decisións tomadas en instancias superiores. Liquidouse de facto o asemblearismo e construíuse un modelo de afiliado moi lonxe dun modelo de militante, educado nos peo-

res hábitos do dirixismo e o control, deseñado para ter contacto coa organización nos procesos eleitorais ou nas asembleas nas que hai que escoller organismos de dirección que son despois os que levan o peso da actuación diaria.

Outro aspecto que criticamos é o feito de ter convertido ao BNG case exclusivamente nunha plataforma electoral onde os tempos políticos veñen marcados exclusivamente polos procesos eleitorais. O BNG vai abandonando paulatinamente o obxectivo de crear consciencia nacional cousa que se pode facer desde o goberno ou desde a oposición..

Liñas de traballo xerais dentro do BNG:

Apostamos por impulsar o proxecto histórico que o BNG representa para o país, como instrumento para a autodeterminación nacional e a emancipación social do nacionalismo popular. Para iso, promoveremos a recuperación dos sinais de identidade fundamentais en varios sentidos:

- A defensa da liberación nacional e social como principais obxectivos do BNG, tanto desde as institucións como a nivel orgánico, e unha acción política que non pretenda lexitimar o actual sistema ou traballar acomodadamente dentro del, senón para traballar pola súa ruptura.
- A necesaria recuperación do modelo frontista -entendido como alianza dos sectores populares obxectivamente interesados na liberación nacional- e democrático.
- O necesario mantemento do BNG como organización asemblearista.
- A recuperación do BNG como organización transformadora e alternativa que marca como obxectivo principal a creación de consciencia nacional tanto desde a acción de goberno como desde a de oposición coa fin de acadar a medio prazo a liberación nacional mediante a independencia política, económica e social.

A) No plano ideolóxico-político

A primeira dificultade estriba non só en apostar por outra forma de política, senón por insistir, contra o que argumenta a dirección do BNG, en que hai máis formas de facer política. Nese sentido, afirmamos que si é posíbel e desexábel construír un modelo alternativo.

Como organización frontista, o BNG precisa de se dotar (como xa o fixo na súa fundación) duns puntos mínimos que funcionen como eixo unificador e orienten o traballo diario. En concreto, o obxectivo prioritario (que non pode

ser tratado como un máximo) é a defensa do dereito da autodeterminación. O BNG en toda a súa acción política, sexa institucional ou do carácter que sexa, deberá ter como horizonte estratéxico e inmutábel este obxectivo, a autodeterminación nacional, que é irrenunciábel. Dentro deste campo deben respectarse todas as opcións, tamén a máis avanzada e coherente, a que avoga pola constitución dun estado galego independente.

Debemos apostar por definir ao BNG como unha ferramenta de transformación social e de liberación nacional que non pode vivir presa do ciclo electoral, senón que debe partir das loitas do día a día. Resulta imprescindíbel que a acción política do BNG non se limite ao plano institucional e se combine coa mobilización social. Un proceso de autodeterminación nacional e de emancipación social precisa dun alto grao de conscienciación popular, desde esa combinación de espazos de loita.

Ao contrario do que se vén practicando moi maioritariamente, a conquista dun maior espazo institucional para o nacionalismo debe servir como máis unha alavanca que axude a sociedade, ou a xerar contradicións no sistema e arrufar as mobilizacións sociais, e en todo caso téñense que pór ao servizo da maioría social do noso país, através de políticas sociais que teñan realmente unha vontade transformadora; tamén debemos pular por que se supere a política de mera representación e se dea un maior protagonismo ás persoas na vida institucional. Ademais as políticas nas institucións teñen que estar inseridas na procura doutra política económica xeral, que cuestione e defenda alternativas diante do actual modelo de globalización neoliberal tamén desde Galiza.

Resulta imprescindíbel que o BNG recupere canto antes a relación en pé de igualdade cos movementos e organizacións sociais actuantes no noso país, a partir do respecto á súa autonomía, sen tutelas innecesarias e co impulso dunha coordinación e unhas relacións abertas construídas en base ao respecto mutuo e a un proxecto transformador compartido, de carácter estratéxico.

Outras liñas de traballo cruciais son a defensa da normalización do noso idioma e da mobilización social en torno a esta cuestión, a recuperación do perfil inequivocamente nacionalista e de esquerdas e a superación da dependencia absoluta do marketing, o compromiso coa democracia participativa, a defensa coherente do territorio ante o avance das políticas neoliberais e unha nova política de alianzas internacionais.

B) No plano organizativo

A democracia interna non é apenas unha ferramenta útil para tomar decisións colectivamente, senón a única forma congruente co modelo de democracia participativa que defendemos. O único xeito de a militancia se implicar

no traballo diario é implicala tamén en todo momento na toma de decisións. Porén, o modelo organizativo no que se vén camiñando, agora acrecentado coa convocatoria de asembleas nacionais por delegados, é exactamente o contrario: abandona o asemblearismo como principio reitor e favorece o verticalismo na toma de decisións, fúrtase o debate, o contraste de ideas e a construción do consenso na toma de decisións, polo que a base militante vai perdendo a capacidade de participación no seo do BNG. Tivo como único froito significativo o reforzamento do control da organización por parte do bloque hexemónico e provocar que unha grande parte da militancia nacionalista estea instalada xa na pasividade ou no escepticismo máis absoluto.

Porén, todo avance real do nacionalismo só pode asentar nunha organización que funcione máis alá do traballo específico nos períodos eleitorais, na que a militancia participa plenamente da toma de decisións. Debemos fomentar o debate constante desde a base, así como a formación interna.

Apostamos por un funcionamento realmente democrático do BNG, onde as asembleas teñan capacidade de debate, reflexión, opinión e toma de decisión de forma que a base militante recupere un papel determinante na dinamización da vida política, tanto interna como externamente. Non todo pode depender dos grupos municipais, parlamentares ou goberno, ou do organismo máis reducido dentro do BNG.

Para avanzar nestas materias propoñemos ademais unha serie de mudanzas organizativas que poden axudar a un maior dinamismo das estruturas nacionais, comarcais e locais:

- Temos unha postura contraria á duplicidade de cargos.
- Apostamos por compensar o déficit de liberados orgánicos fronte ao liberados dos grupos municipais, parlamentares ou do goberno.
- Promoveremos que fagan parte dos organismos e das candidaturas representantes de organizacións sociais, como representantes das demandas sociais.
- Proporemos unha reformulación da Carta Financeira, a partir dos principios de austeridade e solidariedade, de xeito que se evite o beneficio persoal obtido dunha acción política que se pretende transformadora, e que parte dos salarios dos cargos revertan solidariamente na organización.

Metodoloxía de traballo nacional/comarcal/local

A práctica política en organizacións frontistas e plurais ten as súas propias dificultades, co risco constatado de que moitas das organización políticas que as compoñen se convertan en meros grupos de presión que exercen

unha sorte de goberno na sombra. Desde a nosa posición ideolóxica, temos que pular por unha relación franca e aberta co conxunto da militancia do BNG coa que compartimos espazo, e defender un cambio de actitude e de práctica na complexa relación entre organizacións partidarias ou colectivos organizados e a estrutura unitaria da fronte, a comezar por facilitar que sexa nos organismos onde se dean os debates, con respecto para todas as posicións, e onde realmente se tomen as decisións.

Isto non exclúe que poidamos debater, discutir e afirmar as nosas posicións propias, partindo da mesma exixencia (debate nos organismos, ausencia de sectarismo, respecto ás outras posicións) para con outros colectivos organizados. Do mesmo xeito, e desde a concepción máis lóxica co frontismo, temos plena lexitimidade para transmitir dentro da militancia do BNG aquelas cuestións coas que discrepemos, nomeadamente cando se propoñen alternativas coherentes co nacionalismo e coa esquerda, e mesmo exixir que nas informacións emitidas polo BNG e nos seus medios de comunicación teñan cabida as diversas posturas existentes no marco da fronte.

O noso traballo debe ter un eixo fundamental na realidade local, aínda que sempre cunha perspectiva nacional. Periodicamente debemos avaliar a nosa acción política en todos os niveis, e favorecer a comunicación e o diálogo entre todas as estruturas e niveis territoriais.

Medios de comunicación e presenza pública

Desde o noso nacemento tivemos vocación de favorecer o debate social sobre ideas e propostas de actuación, cando menos entre a base social e militante do nacionalismo e os movementos sociais, e ese continuará a ser, de aquí en diante, o noso principal obxectivo neste campo.

Desde a nosa posición no seo do nacionalismo e do movemento popular, consideramos de grande importancia expormos por nós mesmos as nosas alternativas e evitar a manipulación das nosas posicións políticas. Por iso favoreceremos o desenvolvemento de medios propios e de áxil difusión que fagan posíbeis estes obxectivos:

- Desenvolverase a páxina web, que vén funcionando, cunha maior dimensión e axilidade e unha especial atención á difusión de documentos e artigos que favorezan o debate social e o coñecemento de cada momento político.
- Contaremos, no menor prazo posíbel, cun voceiro nacional periódico, que poidamos distribuír entre a base social do nacionalismo e do movemento popular. Contarán con especial peso artigos que fixen posicións políticas e de documentos de análise sobre temas concretos.
- Editaranse cadernos monográficos sobre aqueles asuntos que se consideren de interese e especialmente naqueles nos que o Organización teña manifestado a súa posición, de cara a dala a coñecer socialmente e que pola súa extensión non teñan cabida no voceiro nacional.
- No terreo de información interna hanse aproveitar os medios dixitais para a edición dun boletín que achegue información e documentación internas a cada militante.

A nivel social apoiaremos ou impulsaremos aquelas iniciativas que no terreo da comunicación sexan xeradas no país, valorizando a súa horizontalidade e apertura á participación así como o seu non sectarismo. Teñen especial interese os medios de comunicación alternativos e proxectos de contrainformación que contribúan a rachar o monopolio da información por parte do sistema.

No terreo da presenza pública, respectando a referencialidade social do BNG e as organizacións sociais, teremos presenza e opinión directas naqueles momentos onde se considere oportuno, tanto nas diferentes zonas como a nivel nacional.

En todo caso, no que ten a ver cos medios de comunicación, parécenos criticábel a tendencia a dar os debates internos das organizacións nos medios oficiais, sobre todo cando moitas veces non se deron antes nestas. É evidente que, con frecuencia, o único que perseguen estes medios é danar ao conxunto do movemento nacionalista e criminalizar as loitas populares.

Política de alianzas

Consonte ao que levamos exposto até o de agora, desde a nosa organización recoñecemos como movemento nacionalista as organizacións que traballan, desde a auto-organización, pola superación, en chave soberanista, do marco político imposto ao noso país. Cómpre, xa que logo, ultrapasar o sectarismo actual e recuperarmos o sentido do movemento e familia nacionalista, onde diferentes organizacións traballan por un obxectivo que, con todos os matices que cumbran, é compatíbel nas loitas diarias da etapa actual. As continuas loitas internas deixaron moitos compañeiros e compañeiras no camiño fartos dunha situación que moitas veces non se chega nin a entender. Isto é doadamente comprobábel no referente ao BNG máis tamén é aplicábel a calquera organización social ou plataforma.

Isto non quere dicir que teñamos que fuxir de tensar ou dar debates difíciles xa que, moi ao contrario, será nestes debates onde se clarifiquen as posicións e se avance. Mais nunca se situou aquí o problema, senón precisamente en furtar eses debates, tan necesarios hoxe, deixando todo en reparticións de cotas e organizacións desde as cúpulas.

Á hora de establecermos relacións e, no seu caso, chegarmos a acordos puntuais ou duradeiros con aquelas organizacións coas que nos recoñezamos mutuamente será sempre desde actitudes abertas e leais. Apostamos por unidades reais e non teóricas. Pensamos que as unidades se teñen que construír na práctica, no traballo diario e de base. Nos movementos sociais e organizacións populares, na fronte política,... cadramos diariamente con militantes doutras organizacións e con moitos e moitas compañeiras sen militancia ningunha. Habemos traballar xa que logo sen preconceitos, analizando as situacións concretas en cada momento e en cada lugar. As organizacións e as súas loitas han ser as primeiras beneficiarias.

En todo caso, é evidente que unha organización que nace e comeza a ocupar o seu espazo político primando a loita ideolóxica non adoita ser do agrado das mentes acomodadas. Na nosa curta vida como colectivo xa nos temos enfrontado a exclusións e a ataques sectarios de compañeiros e compañeiras de viaxe, que en función de conxunturas oportunistas mudan a súa actitude face a nós. Ese é o noso límite.

As nosa relacións e tarefas no ámbito internacional

Coidamos que esta área ten moita importancia, sexa pola necesaria proxección de Galiza e dar a coñecer a nosa situación social e política, como pola incidencia que sobre a nosa nación e o seu futuro ten a evolución da situación internacional, tanto na orde económica como política. As relacións internacionais do nacionalismo galego foron até hoxe moi limitadas; unha excepción é o sindicalismo nacionalista, sexa operario ou labrego.

No eido internacional:

Habemos manter relacións con todas as organizacións antiimperialistas, e moi especialmente coas que teñan maior proximidade e sensibilidade cos principios e obxectivos da nosa organización.

Dámoslles ás relacións con Portugal un carácter estratéxico, xa que somos dúas ponlas dunha mesma árbore. Importancia que facemos extensiva ás relacións con todos os países da área lusófona.

Hai outras tres áreas territoriais que teñen para nós especial interese. O continente europeo, do que facemos parte; os países de América Latina, hoxe un dos centros fundamentais da loita antiimperialista e de desenvolvemento de novas alternativas democráticas e populares, nacións coas que temos antigas e especiais relacións migratorias; e o mundo árabe, en varios de cuxos países se libra unha dura loita contra o imperialismo.

No Estado as relacións coas outras nacións sen soberanía serán prioritarias. Coidamos, así mesmo, que as relacións con outra organizacións do Estado español –que sexan de esquerdas, progresistas e que defendan o dereito de autodeterminación- son necesarias. No referente ao chamado conflito vasco entendemos que non se pode facer como se non existise ou fose un problema de orde pública; a nosa postura é que haxa unha saída negociada respectando o marco vasco de decisión, ou sexa o dereito de autodeterminación, rexeitando calquera exclusión ou criminalización da esquerda abertzale.

Impulsaremos o coñecemento, a mobilización e a solidariedade do pobo galego con outras loita antiimperialistas ou que procuren unhas relacións sociais xustas en calquera eido ou na defensa do ecosistema.

Traballaremos polo recoñecemento e representación de Galiza en todo tipo de foros internacionais, e moi especialmente naqueles nos que se potencie a nosa lingua e cultura nacional, a nosa identidade, por exemplo os do ámbito da lingua galego-portuguesa.



MODELO ORGANIZATIVO

O grupo de mulleres e homes que estamos a dar a luz a este novo colectivo, acreditamos firmemente en que a organización que estamos a crear debe ser no seu funcionamento interno unha avanzada da nova sociedade pola que loitamos, e debe pois reproducir no seu interior os mecanismos de democracia participativa que defendemos a todos os niveis.

A ligazón do Movemento pola Base coa clase obreira e as clases populares ten que ser a esencia e a substancia da acción da nosa organización. Nesa ligazón permanente estará a orixe básica da nosa forza e capacidade para cumprirmos os nosos obxectivos. Nestas raíces e natureza de clase constitúense determinantes de hábitos de organización e de disciplina consciente, de claridade de obxectivos, de cohesión e camaradería, de espírito colectivo, de capacidade de organización, de combatividade e de solidariedade que debemos procurar facer propios na nosa individualidade.

A nosa organización ten que estar composta por militantes conscientes que asuman por tanto un compromiso real coa nosa acción política transformadora. Pensamos que non é só pagar a cota establecida o que define a condición de militante. Non é ese o modelo de afiliada/o pasiva/o que defendemos, pois ao noso ver a militancia implica uns compromisos, que, por suposto na medida das posibilidades de cadaquén, todos debemos cumprir. Compromisos baseados na solidariedade, no compañeirismo e na participación en pé de igualdade tanto nos debates e a definición da liña política e de actuación como no traballo diario.

Partimos do rexeitamento á política verticalizada onde os militantes pouco ou nada teñen a dicir, limitándose a seren meros espectadores de decisións das súas cúpulas. Aspiramos a recuperar o sentido ilusionante da militancia política, como acción transformadora e revolucionaria que sexa capaz desde xa de construír modos de vida alternativos á lóxica do capital.

Creemos nun colectivo militante no que non existen debates dados nin ideas preconcebidas, do mesmo xeito que non existen propostas proscribas nen censuras previas sobre nada ou ninguén. Dentro dos parámetros da esquerda revolucionaria, anticapitalista e independentista nos que nos situamos, todo é debatíbel tanto a nivel táctico como estratéxico, de xeito leal e construtivo.

Frente a quen defende modelos no que a dirección é toda a organización, para nós *cada militante debe ser un dirixente*, asumindo polo tanto o compromiso responsábel que lle corresponde cara o conxunto dos seus compañeiros.

Asumimos como fundamento da nosa organización o principio do *traballo colectivo*, antídoto contra a burocracia, os personalismos e os voluntarismos irresponsábeis que en diferentes épocas e lugares tanto dano lle teñen feito ás organizacións de esquerda.

Desde o momento en que facemos parte do mesmo proxecto político, todas e todos os militantes deben contar cos mesmos dereitos e consideración.

Deberemos fuxir dun modelo que, directa ou indirectamente, consagre militantes de primeira e de segunda orde. A achega de todos e cada un de nós é igual de válida, e temos que traballar para que ninguén sinta que a súa opinión ten menos valor que a do resto.

Ao igual que vimos tentando desde o noso nacemento como colectivo, a procura do consenso na toma de decisións parécenos un importante principio do que partir. Substituír o necesario debate previo á toma de decisións polo sometimento mecánico da maioría á minoría pouco tería de democrático.

Sabendo isto, é tamén evidente que en determinados casos será inevitábel optarmos por unha postura concreta na que non sexa posíbel tal consenso e por tanto, o respecto da minoría pola decisión maioritaria tornase indispensable. Mais este compromiso nunca debe implicar que o resultado dunha votación ou dun acordo maioritario supoña a proscripción da postura minoritaria, que debe ter dereito a ser coñecida e valorada polo conxunto da organización. Debemos asumir que é lóxico e normal que existan discrepancias, o noso deber será non tratalas como disidencias.

Apostamos por unha organización da carácter nacional, cun funcionamento con base territorial (eixo básico da participación de toda a militancia) e de carácter assemblear, coordinada por medio dun organismo de dirección nacional que combine na súa composición a representación zonal coa elección en Asemblea Nacional de parte dos seus membros.

Falamos de assemblearismo, mais non como fin senón como medio, porque entendemos que son as asembleas (onde participa o conxunto da militancia) o núcleo fundamental na toma de decisións, especialmente nas cuestións de maior importancia política. Do mesmo xeito, correspóndelle ás asembleas elevar propostas á Mesa Nacional (como organismo de dirección política) e participar de todos os debates que se dean a nivel nacional.

Por suposto, o assemblearismo ten que ser para nós unha ferramenta útil e solvente e nunca un lastre, para o cal é indispensable un funcionamento áxil e ordenado que compatibilice a participación colectiva na toma de decisións coa necesaria operatividade. Non sería admisíbel que unha soa decisión deixase de ser tomada a tempo por erros derivados dun excesivo burocratismo.

Para que este modelo sexa efectivo, é imprescindible unha comunicación fluída a todos os niveis, de arriba a abaixo, de abaixo a arriba e mesmo tamén horizontalmente entre asembleas.

Ainda que poida resultar un traballo engadido, é fundamental garantir que os acordos e os debates centrais dos diferentes organismos (assembleas e Mesa Nacional) sexan sempre transmitidos na maior brevidade posíbel ao conxunto das zonas, para garantirmos un funcionamento áxil e fluído.

Nunha organización nova que está a dar os seus primeiros pasos como tal, vemos imprescindible actuar con flexibilidade e axeitarmos o modelo organizativo ao variábel contexto, polo que cada asemblea territorial debe adaptar os seus mecanismos de traballo á súa situación concreta.

Haberá lugares onde resulte máis adecuado priorizar o traballo a nivel local e non zonal, ou á inversa. Do mesmo xeito, e no entanto non contemos con militancia estruturada en todo o país, há cumprir adaptar a nosa realidade organizativa á nosa presenza territorial para sermos eficientes e priorizando o obxectivo de que todos os militantes estexan organizados a nivel territorial.

Organismos Executivos

No caso de existiren organismos de carácter executivo nas zonas onde se precisar (por operatividade ou número de militancia), é indispensable delimitar ben as súas funcións, de xeito que a capacidade de dirección política non deixe nunca de ser asumida polas asembleas. É a estas ás que lles corresponde debater e planificar as liñas xerais do traballo na zona, o que non impide que os Consellos de Zona poidan desenvolver esas liñas e dar resposta a cuestións de carácter inmediato cando for preciso.

Mesa Nacional

A Mesa Nacional, ten que ser no seu traballo un reflexo do conxunto da militancia da organización, recollendo todas as propostas formuladas desde as zonas e trasladando todos os seus debates ao conxunto da militancia, o cal por suposto non debe ir en perxuízo da súa capacidade de dirección política.

A Mesa Nacional deberá elixir entre os seus membros as responsabilidades de carácter político e organizativo que determine, sendo algunhas das indispensables organización, finanzas, formación, comunicación e propaganda.

Do mesmo xeito, tamén serán creadas as responsabilidades sectoriais que se determinen (sindical, cultural, medio ambiente...) co obxectivo de canalizar as iniciativas nos diferentes ámbitos de traballo e coordinar as respectivas Comisións.

Comisións

O traballo en Comisións (ben nacionais, ben zonais ou locais) de carácter sectorial é útil á hora de axilizar o traballo nos diferentes ámbitos e de liberar aos organismos de debates excesivamente concretos que dificultarían a súa efectividade.

As Comisións deben ter carácter aberto a toda a militancia mais no caso de se constituíren deben contar con un mínimo de militantes dispostas a sacalas adiante.

En calquera caso, debemos evitar unha excesiva “especialización”, no sentido de que sería negativo que cada militante limite a súa formación, análises e participación e xeral ao seu sector prioritario de traballo. Neste sentido, pularase tamén por trasladar de xeito fluído os acordos e debates das diferentes comisións ao conxunto da militancia.

Colaboradores/as:

Existirá sempre (e é positivo e desexábel que así sexa) un amplo núcleo de persoas que, sen estaren dispostas aínda a daren o paso á militancia política, si que se identifiquen e compartan as nosas análises e proxecto. Estes simpatizantes, a maioría deles integrados nos Movementos Sociais nos que traballemos, deben contar cun apoio e información constante pola nosa parte, habilitando tamén mecanismos para recollermos as súas propostas e valoracións, e traballando pola súa futura integración na organización así como ao traballo político.

Representación colexiada

A cuestión da representación da organización é tamén algo no que debemos comezar a rachar cos tópicos e as prácticas da maioría de partidos e organizacións políticas existentes. Cremos que aquí e agora non só non son imprescindíbeis, senón mesmo negativos os referentes persoais únicos que identifiquen o proxecto con unha ou outra persoa. Nós ofrecemoslle á sociedade un proxecto político e un traballo, que, mais alá de quen o poida desenvolver en cada momento a cada nivel, ten carácter colectivo e así o debemos transmitir. Ninguén é imprescindible e ao mesmo tempo todos somos necesarios. Por iso, é importante á hora de aparecer publicamente (e non só perante os medios de comunicación) evitar a identificación da nosa organización con determinados “liderazgos” ficticios, á marxe de quen teña en cada momento as responsabilidades.

Esta ten de ser tamén unha das nosas achegas ao novo xeito de facer política que defendemos.

Formación

A formación debe pasar a un primeiro plano na vida diaria da nosa organización, non só a nivel ideolóxico-político, mais tamén sectorial, dándolle un papel central ao debate de ideas na nosa acción transformadora.

Compre termos en conta que o xeito máis axeitado de mellorar a formación dos militantes sempre é a que se orixina a partir da súa practica concreta, aquela que se adquire na análise metódica e no debate colectivo sobre o traballo que se vai realizar, o seu seguimento, e por último as reflexións que cómpre facer sobre os resultados, erros e acertos, unha vez rematado.

A formación teórica sempre será un complemento necesario á formación adquirida na practica social e política, e nunca pode substituír a esta última. Por outra banda, a falta de análise teórica, non enmarcar toda loita no contexto xeral e no proxecto estratéxico, e sobre todo non achegar estas reflexións ás clases populares, leva ao practicismo e ao economicismo, por máis combativa que sexa a actuación social e activa e teimosa a dirección.

Debemos tentar que -alén de que cada militante priorice o seu traballo nun sector- todas as compañeiras e compañeiros poidan opinar e defender a súas posicións en todos os temas, pois a nosa organización vaise nutrir de xente procedente do traballo sectorial e non sempre há existir unha visión global da actividade política.

A realización de actividades concretas dirixidas a este eido, como Xornadas Nacionais de Formación dedicadas a diferentes temas, contando tamén con achegas de fóra da organización, pode ser unha das ferramentas coas que traballarmos neste campo, ao igual que a edición de cadernos de formación ou a difusión e intercambio entre a militancia de leituras ou outro material formativo de interese.

Defendemos un modelo de traballo formativo non dogmático, que non teña como obxectivo o adoutramento desde a dirección ás bases senón á elaboración colectiva do noso proxecto transformador dirixido a todos os ámbitos da sociedade.

Organizármonos nos territorios galegos fóra da Comunidade Autónoma

Desde o momento en que asumimos que a nosa nación non se cingue ao territorio abranguido nos lindes administrativos da actual C.A.G., é preciso adaptarmos o noso modelo organizativo a esa realidade.

Coas obvias dificultades existentes, cómpre articular Asembleas de Zona no Eo-Navia, no Bierzo e na Seabra e as Portelas, mais para avanzar nese camiño teremos que dar moitos pasos antes, como pode ser a colaboración co tecido social galeguista e permeábel ao nacionalismo galego, xa organizado na zona e ao tempo tentar facer chegar a nosa actividade, propostas e campañas a eses lugares, para o cal há ser preciso unha atención concreta por parte da MN e particularmente das comarcas limítrofes.



ESTATUTOS

Art 1.- O Movemento pola Base é unha organización de clase revolucionaria que loita pola plena soberanía nacional de Galiza -pola independencia nacional entendida como exercicio do dereito de autodeterminación a todos os niveis- e pola superación do capitalismo através da construción do poder popular no camiño da sociedade socialista.

Art. 2- A nosa organización asume como principios e obxectivos os intereses estratéxicos da Clase Operaria Galega.

Art. 3- A nosa organización rexeita todos os sistemas e modelos de dominación e loita contra unha división xerarquizada e de xénero da sociedade, na defensa dun modelo de sociedade igualitaria, sen discriminación de xénero nin por opción sexual.

Art. 4- A nosa organización utiliza como xeito de análise o marxismo, e emprégao como unha teoría de interpretación da realidade e de praxe concreta, de cara á transformación revolucionaria. Recollemos tamén o legado da loita en Galiza a prol da identidade nacional e da nosa liberación, así como as experiencias noutros países da clase operaria, das organizacións populares e dos movementos de liberación nacional.

DA MILITANCIA

Art 5.- Pode ser militante calquera persoa que o desexar e aceite os presentes estatutos e os principios ideolóxicos da organización.

Art 6.- O ingreso é individual e voluntario e quen o solicitar deberá ser presentado na Asemblea de Zona que corresponda. A alta dun/ha militante farase efectiva de ter na Asemblea máis votos a favor que en contra. No caso de non existir Asemblea de Zona constituída, a petición de entrada farase através da Mesa Nacional.

Art 7.- As baixas hanse facer efectivas no momento de seren notificadas na Asemblea de Zona correspondente.

Art 8.- Son dereitos das/os militantes:

- Participar en pé de igualdade co resto de compañeiros da vida diaria da organización e na elaboración da liña política e propostas desta.
- Empregar os locais e demais infraestrutura da organización
- A formación política e ideolóxica. Recibir información sobre todos os debates e actividades da organización.
- Votar, elixir e ser eleito para calquera cargo na organización.

-Recibir apoio solidario da organización en caso de sofrer persecución ou represión por mor da súa militancia.

Art 9.- Son deberes das/os militantes:

-Defender publicamente os acordos da organización e a súa liña política..

-Observar unha práctica, pública e privada, coherente coa súa militancia, comezando polo emprego do noso idioma a todos os niveis.

-A solidariedade e o compañeirismo con todos os membros da organización.

-Asistir ás reunións, participar dos debates e practicar a crítica e a auto-crítica de xeito responsábel e construtivo.

-Cotizar coa cota establecida.

Art 10.- Sancións:

a) A sanción poderá ser: chamada de atención, reprobación, relevo da responsabilidade que se ocupe, baixa temporal ou definitiva.

b) A proposta de sanción correspóndelle á Asemblea de Zona na que milite a compañeira/o obxecto da mesma ou á Mesa Nacional, e terá que contar co apoio da maioría dos presentes. En todo caso o compañeiro/a poderá recorrer a sanción ante a Mesa Nacional.

c) Correspóndelle á Mesa Nacional a toma en consideración da sanción e do recurso.

d) As causas de sanción serán o incumprimento das obrigas aparelladas á militancia e aquelas outras que estimar o organismo oportuno.

ORGANISMOS

ASEMBLEA NACIONAL

Art 11.- A Asemblea Nacional é o máximo organismo de decisión da organización, e está conformado por todos os militantes dados de alta conforme o Regulamento da mesma. Hase reunir ordinariamente cada dous anos e de xeito extraordinario cando así o decida:

-A Mesa Nacional

-O 51% da militancia

-2/3 das Asembleas de Zona

Art 12.- Son funcións da Asemblea Nacional:

- Elixir mediante sufraxio directo e secreto once membros da Mesa Nacional.
- Definir a liña política da organización.
- Atender a rendición de contas dos organismos de dirección, debatendo o informe de xestión elaborado pola MN.
- Definir e modificar os estatutos da organización.
- Dar conta do estado das finanzas da organización.
- Calquera outra que soberanamente a Asemblea decida.

MESA NACIONAL

Art 13.- A Mesa Nacional é o principal organismo de decisión entre Asembleas Nacionais. Está conformado polos membros eleitos na AN e representantes por cada zona formalmente constituída e naquelas nas que contemos con presenza, así como os/as responsábeis das Comisións constituídas, sendo estes/as elixidos/as polas propias comisións. Para que unha Comisión designe un representante na Mesa Nacional deberá ter un funcionamento estábel, e unha participación da militancia de certa entidade.

Art 14.- A Mesa Nacional ha contar coas responsabilidades de carácter político, organizativo ou sectorial que se determinen.

Art 15.- Son funcións da Mesa Nacional:

- A representación colexiada da organización a nivel nacional
- Executar a liña política definida pola Asemblea Nacional.
- Coordinar o traballo nacional entre Asembleas Nacionais.
- A análise da conxuntura política.
- Traballar pola extensión territorial e de militancia da organización e aprobar a constitución de novas zonas.
- Atender as propostas de sanción e os recursos ás mesmas
- O control sobre as finanzas da organización.
- Convocar a Asemblea Nacional cando corresponder ou así se solicitar conforme os Estatutos.

PLENARIO NACIONAL

Art 16.- A Mesa Nacional poderá convocar Plenarios Nacionais nos que poderá participar toda a militancia co obxectivo de debater cuestións concretas. Tamén se han poder convocar a petición da militancia coas mesmas condicións determinadas para as AN extraordinarias.

ASEMBLEAS DE ZONA

Art 17.- A organización estrutúrase en Asembleas de Zona que se reunirán ordinariamente cunha periodicidade mensual. A súa extensión e configuración poderá variar conforme as necesidades operativas de cada momento, en base ao criterio dos propios militantes da zona. En calquera caso, a creación, agregación ou segregación de zonas será ratificada pola Mesa Nacional.

Art 18.- Cada zona formalmente constituída ha elixir de entre os seus membros 1 representante ante a MN, que serán dous no caso de que a zona conte con máis de 20 afiliados e afiliadas, un dos cales exercerá como Responsábel de Organización na Zona e cuxa función ha ser convocar as Asembleas, facer cumprir os acordos tomados e servir de canle de comunicación coa organización nacional. A zona elixirá tamén todas aquelas responsabilidades que coide precisas.

Art 19.- Alá onde se estimar oportuno, poderanse elixir Consellos de Zona con carácter executivo.

ASEMBLEAS LOCAIS E OUTRAS ESTRUTURAS

Art 20.- As Asembleas de Zona poderán aprobar a constitución de Asembleas Locais, de Centro de Traballo, sector ou outras que se adapten á realidade organizativa alá onde for preciso.

SÍMBOLOS, HINO E VOCEIRO

Art 21.- Asumimos como propia a bandeira nacional galega coa estrela vermella de cinco puntas, símbolo da liberación nacional, ademais da bandeira vermella coa fouce e o martelo, símbolo da loita polo socialismo.

Art 22.- O anagrama ha ser unha bandeira nacional galega parcialmente superposta a unha bandeira vermella, de xeito que permita ver unha parte desta última.

Art 23.- Asumimos como propios o Himno Nacional da Galiza e A Internacional, himno da clase traballadora.

Art 24.- O voceiro chámase “Pola Base” e ha ter a periodicidade que a MN determine.



www.polabase.org

MOVIMENTO **POLA BASE**

CONSTRUÍNDO
PODER
POPULAR